

Informe sobre o estudo de impacto do futuro parque eólico Monteagudo sobre o radar meteorolóxico de Monte Xesteiras

No marco do desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia (Lei 8/2009 do 22 de Decembro), a sociedade Eólicos Breogán SLU presentou a solicitude de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica do proxecto denominado Parque Eólico Monteagudo.

O parque preténdese instalar nos municipios de Arteixo, Carballo e A Laracha, na provincia de A Coruña e conta con 5 aeroxeradores dunha altura total de 200 m situados a unha altitude comprendida entre 197 e 235 m sobre o nivel do mar.

A distancia entre os aeroxeradores e o radar meteorolóxico de Monte Xesteiras é superior aos 20 km, feito que, xunto coa altitude das instalacións, fai que non se intercepte o feixe do radar. Estudos previos demostraron que, baixo estas condicións, o impacto do parque eólico á calidade dos datos procedentes do radar meteorolóxico sexa marxinal e, polo tanto, **considérase viable a instalación do parque eólico Monteagudo** por parte da empresa Eólicos Breogán SLU.

Cabe lembrar que devanditos estudos proporcionan recomendacións xerais e que non se analizou en detalle nin a localización dos aeroxeradores nin a climatoloxía da zona. Isto, conxuntamente ao feito que o radar a polarización dual da Xunta de Galicia emprega unha tecnoloxía relativamente recente,



implica que **non se pode excluír que nun futuro poidan aparecer problemas non contemplados actualmente**. Se isto ocorrese, non se debería descartar pedir á empresa promotora posteriores medidas compensatorias co fin de reducir o impacto do parque eólico na calidade dos datos procedentes do radar.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital
O subdirector xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático

Isaac Gómez Piñeiro (asinado dixitalmente na marxe)

